



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Isabel Sánchez Montenegro, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á data de entrega das vivendas de Xarás (Ribeira).

O pasado 1 de Marzo sorteáronse as 21 vivendas protexidas de Xarás no concello de Ribeira. O proceso de construción destas vivendas foi ben accidentado. Cumpre lembrar que estas vivendas foran adxudicadas o 21 de outubro de 2004, por un importe total de 1.4333.3999,46 € e formalizouse o 11 de novembro do mesmo ano. O prazo de execución inicial destas obras remataba o 22 de setembro de 2006, sen embargo no momento de rescisión do contrato só estaba executada o 13,85 % da obra.

Após varios requirimentos á empresa, na pasada lexislatura a Consellaría de Vivenda e Solo decide rescindir o contrato e convocar un novo concurso para rematar os traballos. O 11 de marzo de 2008 adxudicase de novo a obra cun prazo de execución das obras de 12 meses, a contar a partir da sinatura da acta de comprobación do replanteo e inicio das obras.

Á vista do prexuízo que se lle causaba a moitas familias, concédese unha axuda de 2.000 € para as e os afectados, para sufragar o custe do aluguer mentres se executan as obras. Unhas axudas que o actual goberno decidiu non renovar, desentendéndose das complicadas situacións persoais que se dan.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nestes momentos as vivendas están rematadas e fixérase pública a entrega das chaves para este mes de maio. Sen embargo, segundo denuncian os propios adxudicatarios, a administración demorase sen aclarar os prazos nin ofrecer explicacións sobre esta situación.

Consideramos que esta situación debe solucionarse de inmediato e as vivendas deben ser entregadas ás persoas que resultaron adxudicatarias da mesma. Esta dilación está provocando situacións ben complexas para moitas persoas e a administración debería de amosar máis sensibilidade ante este asunto.


Polo dito, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que razóns xustifican que se demore a entrega destes pisos?
- 2.^a) En que prazo prevé a Xunta de Galiza facer entrega dos mesmos?
- 3.^a) Que razóns levaron a suprimir as axudas para o alugueiro aos adxudicatarios e adxudicatarias para compensar os prexuízos ocasionados pola demora na entrega destas vivendas?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Isabel Sánchez Montenegro
Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2010 12:41
Nº Rexistro: 35988
Data envío: 28/05/2010 12:41:49.676

Ana Belén Pontón Mondelo na data 28/05/2010 12:39:39

Isabel Sánchez Montenegro na data 28/05/2010 12:39:43